



CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA “REVERIANO SOUTULLO” PONTEAREAS



**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO
DE VENTO-MADEIRA**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. Presentación e xustificación
- 1.2. A quen vai dirixida

2. OBXECTIVOS DO GRAO ELEMENTAL

- 2.1. Obxectivos xerais
- 2.2. Obxectivos específicos

3. CONTIDOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO GRAO ELEMENTAL

5. PROGRAMACIÓN DOS CURSOS DE GRAO ELEMENTAL

5.1. 1º Curso de G.E.

- 5.1.1. Obxectivos
- 5.1.2. Contidos
- 5.1.3. Recursos

5.2. 2º Curso de G.E.

- 5.2.1. Obxectivos
- 5.2.2. Contidos
- 5.2.3. Recursos

5.3. 3º Curso de G.E.

- 5.3.1. Obxectivos
- 5.3.2. Contidos
- 5.3.3. Recursos

5.4. 4º Curso de G.E.

- 5.4.1. Obxectivos
- 5.4.2. Contidos
- 5.4.3. Recursos

6. OBXECTIVOS DO GRAO PROFESIONAL

- 6.1. Obxectivos xerais
- 6.2. Obxectivos específicos

7. CONTIDOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO GRAO PROFESIONAL

9. PROGRAMACIÓN DOS CURSOS DE GRAO PROFESIONAL

9.1. 1º Curso de G.P.

9.1.1. Obxectivos

9.1.2. Contidos

9.1.3. Recursos

9.2. 2º Curso de G.P.

9.2.1. Obxectivos

9.2.2. Contidos

9.2.3. Recursos

9.3. 3º Curso de G.P.

9.3.1. Obxectivos

9.3.2. Contidos

9.3.3. Recursos

9.4. 4º Curso de G.P.

9.4.1. Obxectivos

9.4.2. Contidos

9.4.3. Recursos

9.5. 5º Curso de G.P.

9.5.1. Obxectivos

9.5.2. Contidos

9.5.3. Recursos

9.6. 6ºCurso de G.P.

9.6.1. Obxectivos

9.6.2. Contidos

9.6.3. Recursos

10. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

10.1 Procedementos ordinarios

10.2 Procedementos alternativos

10.3 Exames extraordinarios de Setembro

10.4 Ampliación de matrícula

11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E TÁBOA DE VALORACIÓNS NUMÉRICAS**12. PROCEDIMENTOS PARA A COORDINACIÓN, VALORACIÓN E REVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA****13. PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO****14. PROBAS DE ACCESO****15. ANEXO: “NOVOS” RECURSOS E REPERTORIO DE GAITA***

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Presentación e xustificación

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro de 2007

A lei establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas. Asemade, a citada Lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas no decreto 203/2007 do 27 de Setembro de 2007.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros de traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música Reveriano Soutullo de Ponteareas.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, persoalizador e preparatoria para estudos posteriores.

1.2. A quen vai dirixida

Xeneralidades

Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferenzas entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

Coñecementos previos

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes. O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior.

2. OBXECTIVOS DO GRAO ELEMENTAL

2.1. Obxectivos xerais

O grao elemental nas ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2.2. Obxectivos específicos

O ensino de gaita no grao elemental terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- a) Alcanzar un control suficiente do tempero e unha certa práctica na preparación dos elementos da gaita que permitan obter unha correcta afinación e un mínimo de calidade sonora.
- b) Adquirir unha dicitación e técnica de base que posibilite interpretar un repertorio axeitado para este nivel procedente da tradición musical de Galicia, principalmente, e das cornamusas máis afíns.
- c) Dominar os recursos básicos de ornamentación e articulación, así como a súa tipificación, clasificación e representación gráfica.
- d) Demostrar os coñecementos fundamentais sobre a música e a historia deste instrumento, así como a a súa situación no contexto da familia das cornamusas.
- e) Interpretar de memoria o repertorio estudado.

3. CONTIDOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL

- a) Coñecemento da técnica e ornamentación de base, así como a representación desta.
- b) Exercicios, estudos e pezas propias deste nivel.
- c) Experiencia no mantemento, na preparación e na afinación da gaita.
- d) Cultura xeral sobre a música e a historia do instrumento, así como daqueles máis próximos.
- e) Práctica e improvisación do preludio.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO GRAO ELEMENTAL

- a) Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- b) Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- c) Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación, e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

- d) Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que
- e) non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.
- f) Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- g) Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- h) Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

5. PROGRAMACIÓN DOS CURSOS DE GRAO ELEMENTAL

5.1. 1º Curso de G.E.

5.1.1. Obxectivos

- a) Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e coordinación entre ambas mans.
- b) Control do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo para a emisión dun son estable.
- c) Coñecemento das características da escritura para gaita.
- d) Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.
- e) Práctica da lectura a primeira vista.
- f) Desenvolvemento da percepción auditiva do alumno.
- g) Desenvolvemento das habilidades motrices no instrumento.
- h) Desenvolvemento da técnica instrumental elemental.
- i) Desenvolvemento da creatividade en xeral.

5.1.2. Contidos

- a) Descrición, mantemento e coidados do instrumento.

- b) Exercicios para adquirir unha posición relaxada das mans no punteiro
- c) Exercicios de iniciación e desenvolvemento da técnica do brazo esquerdo e do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo.
- d) Características da escrita para gaita.
- e) Coñecemento das notas básicas no primeiro rexisto si4-dó6.
- f) Exercicios básicos para gaita: ámbito fa5-dó6 (con sib5); ámbito si4-dó6.
- g) Adestramento progresivo e permanente da memoria.
- h) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.

5.1.3. Recursos

Estudos:

- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 1: Intervalos.* (páx 11-16)
Xesús Vaamonde Manteiga
- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 4: Estudos. Volume I.* (páx. 14-16)
X. L. Miguélez Saínza

Repertorio:

- La Naturaleza (Popular do s. XVII)
- Sapoconchiño (Ernesto Campos)
- Camiñando (Ernesto Campos)
- Danza de Vilanova dos Infantes (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 395)
- Treboada de Tomiño (Tradicional)
- Vals de Escornabois (Popular)
- Tocata de alzar / A Barroca (Cancioneiro Musical de Galicia / Nazario González)
- Danza de palillos de Ribadavia (Cancioneiro Musical de Galicia, n 393)

5.2. 2º Curso de G.E.

5.2.1. Obxectivos

- a) Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e coordinación entre ambas mans.
- b) Control do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo para a emisión dun son estable.
- c) Coñecemento das características da escritura para gaita.
- d) Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.
- e) Práctica da lectura a primeira vista.
- f) Desenvolvemento da percepción auditiva do alumno.
- g) Desenvolvemento das habilidades motrices no instrumento.
- h) Desenvolvemento da técnica instrumental elemental.
- i) Desenvolvemento da creatividade en xeral.

5.2.2. Contidos

- a) Mantemento e coidados do instrumento.
- b) Exercicios para adquirir unha posición relaxada das mans no punteiro.
- c) Exercicios de iniciación e desenvolvemento da técnica do brazo esquerdo e do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo
- d) Rudimentos de articulación.
- e) Exercicios en Dó M e Fa M.
- f) Introdución ao segundo rexistro.
- g) Exercicios básicos: ámbito si4-mi6
- h) Características da escritura para gaita.

5.2.3. Recursos

Estudos:

- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 1: Intervalos.* (páx 17-22)
Xesús Vaamonde Manteiga
- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 4: Estudos. Volume I.* (páx. 16-16, 21)
X. L. Miguélez Saínza

Repertorio:

- Marcha procesional (Cancioneiro Musical de Galicia, CS 422)
- A Maruxa (Da zarzuela de Amadeo Vives)
- Marcha de San Bieito (Anónima)
- Marcha dos Mato (Do repertorio de Os Mato)
- Danza das Burgas (Anónima)
- Danza de Tornillos (Do repertorio de Os Tornillos de Moaña)
- Vals de Xaquín (Guadalupe Cribeiro)
- Mazurca dos Areeiras (Do repertorio de Os Areeiras)
- Danzas de Palillos de Pontearreas e de San Isidro de Montes (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 380 e 382)

5.3. 3º Curso de G.E.

5.3.1. Obxectivos

- a) Control da posición corporal, do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo, e da posición das mans para favorecer a execución técnica-musical.
- b) Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.
- c) Práctica da lectura a primeira vista
- d) Seguir fomentando a percepción auditiva do alumno.
- e) Seguir desenvolvendo as habilidades motrices no instrumento.
- f) Desenvolvemento da técnica instrumental
- g) Desenvolvemento da creatividade en xeral.

5.3.2. Contidos

- a) Exercicios de consolidación da técnica do brazo esquerdo e do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo para a emisión dun son estable, centrado e flexible.
- b) Mecanismos de articulación
- c) Introducción á interpretación con bordóns.
- d) Segundo rexistro.
- e) Obras e exercicios: ámbito si4-mi6.
- f) Estudos técnicos de dificultade adecuada ao nivel.
- g) Escalas e arpejos ata dúas alteracións nunha oitava. Escala cromática dó5-mi6.

5.3.3. Recursos

Estudos:

- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 1: Intervalos.* (páx 23-29)
Xesús Vaamonde Manteiga.
- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 4: Estudos. Volume I.* (páx. 20-31, 34)
X. L. Miguélez Saínza

Repertorio

- Pasacorredoiras de Ponteareas (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 434 e 435)
- Golpe de Carballiño (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 338)
- Merenchyo-ni (Daniel Lumbreras Rodríguez)
- Alborada de Inzenga (Cancioneiro de Inzenga, nº 7)
- Muiñeira de Oitavén (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 306)
- Ribeirana de Pontevedra (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 332)
- Pasacorredoiras de Vilar de Infesta (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 448)
- Alalá (Ernesto Campos)
- A pequena meiga (Iván Costa Blanco)
- Fonmaior (Tradicional / Pedro Lamas Varela)

5.4. 4º Curso de G.E.

5.4.1. Obxectivos

- a) Control da posición corporal, do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo, e da posicións das mans para favorecer a execución técnica-musical.
- b) Adquirir competencias para tocar nos tres primeiros rexistros do instrumento dentro do nivel apropiado.
- c) Práctica da lectura a primeira vista
- d) Seguir fomentando o interese musical do alumno e a percepción auditiva do alumno.
- e) Seguir desenvolvendo as habilidades motrices no instrumento.
- f) Desenvolvemento da técnica instrumental.
- g) Desenvolvemento da creatividade en xeral.

5.4.2. Contidos

- a) Terceiro rexistro
- b) Bordóns. Relación bordóns / punteiro.
- c) Articulación e fraseo na execución con bordóns.
- d) Exercicios no ámbito si4-do7
- e) Escalas e arpejos nunha oitava ata tres alteracións. Escala cromática dó5-mi6.
- f) Pezas axeitadas ao nivel do alumno.

5.4.3. Recursos:

Estudos:

- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 1: Intervalos.* (páx 30-34 Estudo de trilos, 36-55). Xesús Vaamonde Manteiga.
- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 4: Estudos. Volume I.* (páx. 33-38, 41, 49). X. L. Miguélez Saínza
- *Cancioneiro Musical de Galicia* (Preludios, páx 64-66 do facsímil) Filgueira Valverde

Repertorio:

- Alborada de Pontecaldelas (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 400)
- Campo de Estrelas (Ernesto Campos)
- Danza de Antroido de San Hadrián de Cobres (Tradicional)
- Alalá-preludio (Raúl Lacilla)
- Muiñeira para Claudia (Pedro Lamas Varela)
- Polca para Pucho (Ernesto Campos)
- A Camposa (Xosé Romero Suárez)
- Valse feo (Pedro Lamas Varela)
- Non hai maneira (Xesús Vaamonde)
- Jota da Guía (Popular)
- Muiñeira de Cabana (Manuel Flgueiroa Moreira)

6. **OBXECTIVOS DO GRAO PROFESIONAL**

6.1. Obxectivos xerais

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade artística da música.

- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

6.2. Obxectivos específicos

As ensinanzas de gaita das ensinanzas profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo de gaita.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o ouvido interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais do grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas esixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- m) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- n) Demostrar unha autonomía progresivamente maior na utilización dos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, vibrato, etc.
- o) Coñecer as características e posibilidades sonoras dos instrumentos e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, no repertorio propio.
- p) Practicar música de conxunto, nas formacións propias do instrumento.
- q) Ser consciente da importancia do traballo de investigación etnomusicolóxica como fonte de inspiración e coñecemento, así como o deber de preservar o patrimonio da música tradicional.
- r) Adquirir a suficiente destreza no mantemento do instrumento e a elaboración de elementos básicos para a produción do son.
- s) Ser capaz de ornamentar de acordo con criterios estilísticos, así como fomentar a capacidade de creación e improvisación de elementos estilísticos propios.
- t) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

- u) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

7. CONTIDOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL

- a) Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- b) Estudo do repertorio para gaita solista, cuarteto tradicional, bandas, formacións folk e outras formacións propias da música erudita.
- c) Exercicio de improvisación e variacións sobre melodías de corte tradicional.
- d) Práctica de transcripción e adaptación á gaita de repertorio proveniente doutras cornamusas.
- e) Estudo fonográfico e bibliográfico sobre a música tradicional e a expansión da cornamusa no mundo.
- f) Práctica de lectura á vista.
- g) Práctica de conxunto.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO GRAO PROFESIONAL

- a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este tipo de criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensión que conduzan a unha perda de control na execución.
- b) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- c) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- d) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa

competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.

- e) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.
- f) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- g) Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- h) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
- i) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.
- j) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

9. PROGRAMACIÓN DOS CURSOS DE GRAO PROFESIONAL

9.1. 1º Curso de G.P.

9.1.1. Obxectivos

- a) Interpretar obras e estudos abrangendo os tres primeiros rexistros do instrumento.
- b) Coñecer as características do empalletado e empallonado.
- c) Práctica da lectura a primeira vista.
- d) Práctica da lectura da gaita contralto en sol.
- e) Coñecemento da gaita contralto en sol.
- f) Adquirir rutinas de estudo útiles e produtivas.

9.1.2. Contidos

- a) Perfeccionamento dos mecanismos de articulación
- b) Bordóns. Relación bordóns/punteiro.
- c) Articulación e fraseo na execución con bordóns.
- d) Interpretación con criterios estéticos e estilísticos.
- e) Escalas en toda a extensión ata tres alteracións.

9.1.3. Recursos:

Estudos:

- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 1: Intervalos.* (páx 40-45). X. L. Miguélez Saínza
- *Estudo interválico nº 1.* Ernesto Campos
- *Tratado práctico de entonación para instrumentistas y cantantes* (páx 171-176). Doris Geller / Diego Mariño.

Repertorio:

- Fantasía para gaita e piano (Ernesto Campos)
- Abrente en Cordobelas (Roxelio de Leonardo Bouza)
- Jota do 3 (Pedro Lamas Varela)
- Lelia Doura (Xosé Lois Romero Cajigal)
- A.N.H. (Iván Costa)
- Aires de Pontevedra (Popular)
- Mouchiño (Xesús Vaamonde)
- Muiñeira de Pontesampaio (Cancioneiro de Inzenga)
- Danza e Contradanza de Darbo (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 377)
- Na tardiña (Pedro Lamas Varela)
- Non hai maneira (Xesús Vaamonde)
- Pasodobre do Pepe (Pedro Lamas Varela)
- Valse de Cecebre (Pedro Lamas Varela)

9.2. 2º Curso de G.P.

9.2.1. Obxectivos

- a) Interpretar obras e estudos abrangendo os tres primeiros rexistros do instrumento.
- b) Coñecer as características do empalletado e empallonado.
- c) Práctica de lectura a primeira vista.
- d) Coñecemento da gaita contralto en sol.
- e) Adquirir rutinas de estudo útiles e produtivas.

9.2.2. Contidos

- a) Perfeccionamento dos mecanismos de articulación
- b) Bordóns. Relación bordóns/punteiro.

- c)Articulación e fraseo na execución con bordóns.
- d)Interpretación con criterios estéticos e estilísticos.
- e)Escalas en toda a extensión ata tres alteracións.

9.2.3. Recursos:

Estudos:

- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 1: Intervalos.* (páx 47, 50, 53, 61). X. L. Miguélez Saínza
- *Estudo interválico nº 2.* Ernesto Campos
- *Tratado práctico de entonación para instrumentistas y cantantes* (páx 176-178). Doris Geller / Diego Mariño.
- *The Bagpipe. A complete tutor with a selection of Irish and Scottish tunes.*(páx. 14-22) Pipe Major Bill Cleary.

Repertorio:

- Suite para catro mulleres (Ernesto Campos)
- Bolboreta (Pedro Lamas Varela)
- A chegada dos teleñecos (Pedro Lamas Varela)
- Cork Hill (Tradicional escocesa)
- Fandango desesperado (Pedro Lamas Varela)
- Foliada da Insua (Ernesto Campos)
- Furabolos (Edelmiro Fernández)
- Jota do Besbello (Iván Costa)
- Jota para Ourense (Iván Costa)
- Memorias dun rabizás (Pedro Lamas Varela)
- Xota dos 28 puntos (Tradicional)
- O bicho que furaba na cenoria xogando a base de muiñeira (Pedro Lamas Varela)
- O brumeigo (Edelmiro Fernández)
- Xota de Poio (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 354)

9.3.3º Curso de G.P.

9.3.1. Obxectivos

- a) Interpretar obras e estudos abranguendo os tres primeiros rexistos do instrumento.
- b) Coñecer as características do empalletado e empallonado.
- c) Práctica da lectura a primeira vista.
- d) Práctica da lectura para gaita contralto en sol.
- e) Interpretación na gaita contralto en sol dalgunha das obras citadas no Repertorio.
- f) Adquirir rutinas de estudo útiles e produtivas.

9.3.2. Contidos

- a) Perfeccionamento da calidade de son e da interpretación en xeral a través do refinamento na utilización do brazo esquerdo, dos mecanismos de mudanza de rexistros, dos mecanismos de articulacións.
- b) Interpretación con criterios estéticos e estilísticos.
- c) Escalas en toda a extensión ata cinco alteracións.

9.3.3. Recursos

Estudos:

- *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 1: Intervalos.* (páx 62-64). X. L. Miguélez Saínza
- *Estudo interválico nº 3.* Ernesto Campos
- *Tratado práctico de entonación para instrumentistas y cantantes* (páx 179-183). Doris Geller / Diego Mariño.

Repertorio:

- Capricho de gaita (Agustín Sánchez)
- Improvisación sobre nº 309 e 321 do Cancioneiro Musical de Galicia (Casto Sampedro)
- Improvisación sobre nº 67 e 75 do Cancioneiro Galego (Bal y Gay)
- Lembranzas do que voltou (Ernesto Campos)
- Reflexos de Outrora (Pedro Lamas Varela)
- Xota dos recadadores (Ernesto Campos)
- Caribeña (Pedro Lamas Varela)
- Dúas flores (Pedro Lamas Varela)
- Blanca o Negra (Ricardo Courtier)
- Lucecú (Pedro Lamas Varela)
- Pola ponte pasou un Ghaiteiro (Ernesto Campos)
- Xota de Forcarei (Tradicional)
- Muiñeira do Mesón (Xesús Vaamonde)
- Un día en Compostela (Ernesto Campos)
- Peizoquiña (Xesús Vaamonde)
- Xogos (Pedro López Torneiro)
- Aloumiños (Agustín Sánchez)

9.4. 4º Curso de G.P.

9.4.1. Obxectivos

- a) Interpretar obras e estudos abranguendo os tres primeiros rexistros do instrumento.
- b) Coñecer as características do empalletado e empallonado.
- c) Práctica da lectura a primeira vista.
- d) Práctica da lectura para gaita contralto en sol.
- e) Interpretación na gaita contralto en sol dalgunha das obras citadas no Repertorio.
- f) Adquirir rutinas de estudo útiles e produtivas.

9.4.2. Contidos

- a) Perfeccionamento da calidade de son e da interpretación en xeral a través do refinamento na utilización do brazo esquerdo, dos mecanismos de mudanza de rexistros, dos mecanismos de articulacións.
- b) Interpretación con criterios estéticos e estilísticos.
- c) Escalas en toda a extensión ata cinco alteracións.

9.4.3. Recursos

Estudos:

- *47 Exercicios pedagóxicos e progresivos para a aprendizaxe da gaita galega.* Ramón González y González
- *Estudo interválico nº 4.* Ernesto Campos
- *Tratado práctico de entonación para instrumentistas y cantantes (páx 184-187).* Doris Geller / Diego Mariño.

Repertorio:

- Redondelana (Ernesto Campos)
- Acuarela de Combarro (Ernesto Campos)
- Ándame unha pulga atrás dun piollo (Agustín Sánchez)
- Apaixoadada (Paulo González)
- Reel (Rory Campbel)
- Chis pum (Agustín Sánchez)
- Concupiscencia (Paulo González)
- Xota de Pontevedra (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 354)
- Xota del Menudillo (Tradicional sanabresa)
- Xota Doela (Ernesto Campos)
- Nove lúas (Emilio Romero)
- Pandeirada do alén (Ernesto Campos)
- Patapau (Pedro Lamas Varela)
- Prieguiceira (Ernesto Campos)
- O ronco de alá (Pedro Lamas Varela)
- Xota de Peinador (Xaime Estévez)

9.5. 5º Curso de G.P.

9.5.1. Obxectivos

- a) Interpretar obras e estudos abranguendo os tres primeiros rexistros do instrumento.
- b) Coñecer as características do empalletado e empallonado.
- c) Práctica da lectura a primeira vista.
- d) Práctica da lectura para gaita contralto en sol.
- e) Interpretación na gaita contralto en sol dalgunha das obras citadas no Repertorio.
- f) Adquirir rutinas de estudo útiles e produtivas.

9.5.2. Contidos

- a) Perfeccionamento da calidade do son e da interpretación en xeral a través do refinamento na utilización do brazo esquerdo, dos mecanismos de mudanza de rexistros, dos mecanismos de articulación..
- b) Interpretación con criterios estéticos e estilísticos.
- c) Escalas maiores e menores de todas as tonalidades en toda a extensión do instrumento.

9.5.3. Recursos

Estudos:

- *47 Exercicios pedagóxicos e progresivos para a aprendizaxe da gaita galega.* Ramón González y González
- *Estudo interválico nº 5 e 6.* Ernesto Campos

Repertorio:

- Luces do Atlántico (Ernesto Campos)
- Cançom quarta do Mimo morto, A prostituta e o boémio (Paulo González)
- Andy Remwick´s Ferret (Gordon Duncan)
- Bacanal (Paulo González)
- Fandango de Augamariña (Pablo Devigo)
- Crema de whisky (Ernesto Campos)
- Music for a found harmonium (S. Jeffes)
- Xota Marreco (García Represas/David Bellas)
- Ree Pipe. The Big Birl (Robert Mathieson)
- Xota da mosca (Ernesto Campos)
- Proxección Ámbar (Óscar Ibáñez)
- The glass of beer/The Mason´s Apron (Tradicional/Carlos Núñez)
- Trebellando (Agustín Sánchez)
- Polca con tropezóns (Ernesto Campos)
- Alghún día (Daniel Bellón)
- Floreo de Remís (José Remis Ovalle)
- Un xabarín perdido (Xesús Vaamonde)

9.6. 6º Curso de G.P.

9.6.1. Obxectivos

- a) Interpretar obras e estudos abranguendo os tres primeiros rexistros do instrumento.
- b) Coñecer as características do empalletado e empallonado.
- c) Práctica da lectura a primeira vista.
- d) Práctica da lectura para gaita contralto en sol.
- e) Interpretación na gaita contralto en sol dalgunha das obras citadas no Repertorio.

f) Adquirir rutinas de estudo útiles e produtivas.

9.6.2. Contidos

- a) Perfeccionamento da calidade do son e da interpretación en xeral a través do refinamento na utilización do brazo esquerdo, dos mecanismos de mudanza de rexistros, dos mecanismos de articulación.
- b) Interpretación con criterios estéticos e estilísticos.
- c) Escalas maiores e menores de todas as tonalidades en toda a extensión do instrumento.

9.6.3. Recursos

Estudos:

- *Estudo interválico nº 5, 6 e 7.* Ernesto Campos

Repertorio:

- Percorrendo vieiros (Ernesto Campos)
- Bría (Pablo Devigo)
- Muiñeira para Devigo (Ernesto Campos)
- Hiperactivo de Carril (David Bellas)
- Mamá elefanta (David Bellas)
- Matamá Girl (David Bellas)
- Crónica da morte e resurrección das patelas (David Bellas)
- Postludio indigestat (Pablo López Torneiro)
- Cançom primeira do Mimo morto, Olhos de auga (Paulo González)
- Cançom terça do Mimo morto, Cançom da vergonha (Paulo González)

10. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

10.1 Procedemento ordinario

- a) Avaliación continua do traballo na aula (60%)
- b) Avaliación das audicións públicas (15%)
- c) Probas prácticas trimestrais (25%) nas que deberá interpretar:
 - 1) Unha obra do programa escollida polo alumno, que será tocada de memoria. (5%)
 - 2) Dúas obras do programa escollidas polo profesor. (5%)
 - 3) Un estudo do programa escollido polo profesor (5%)
 - 4) Escalas e/ou arpejos propostos polo profesor (5%)
 - 5) Lectura dun fragmento musical a primeira vista proposto polo profesor (5%)

10.2 Procedemento alternativo

O procedemento alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua.

FALTAS XUSTIFICADAS			FALTAS SEN XUSTIFICAR		
	Por trimestre	Total Curso		Por trimestre	Total Curso
Materia de 1	3	9	Materia de 2	2	6
Sesión Semanal			Sesión Semanal		

O procedemento alternativo consistirá na realización de probas que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación.

Contémplanse dous tipos de probas:

- a) Trimestral: será aplicada cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do trimestre
- b) Fin de curso: será aplicado cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do curso.

PROBA NO GRAO ELEMENTAL

Nesta proba o alumno deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo a comisión a encargada de designar os contidos así como das pezas a interpretar no exame. Na devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 15 minutos nin superior a 30 minutos de música para os alumnos de grao elemental.

PROBA NO GRAO PROFESIONAL

Nesta proba o alumno deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo a comisión a encargada de designar os contidos así como as pezas a interpretar no exame. Na devandita proba o tempo de interpretación non será inferior a 30 minutos nin superior a 45 minutos de música para os alumnos de grao profesional.

En calquera caso, sempre corresponde ao profesor titor decidir se é necesario ou non aplicar este sistema de avaliación alternativo conforme aos contidos e obxectivos da programación e poder aplicar os criterios de avaliación.

Todas as probas serán realizadas ante unha comisión composta por dous ou tres profesores do departamento.

10.3 Exames extraordinarios de Setembro

Para aqueles alumnos que non superen o curso no mes de Xuño, farase unha proba Setembro, para a cal entrará o temario do curso enteiro. Na devandita proba, o tempo de interpretación será entre 15 e 30 minutos para Grao Elemental, e entre 30 e 45 minutos para Grao Profesional.

10.4 Ampliación de matrícula

- a) Criterio: Para conceder a ampliación de matrícula a un curso superior ao cal se atopa o alumno, é necesario que este teña superados os obxectivos sinalados no curso que realiza.
- b) Proba: sempre e cando se considere necesario o profesor propondrá facer unha proba de avaliación para confirmar a viabilidade da ampliación na súa materia. A proba consistirá na interpretación de:
- 1) Unha obra do programa escollida polo alumno, que será tocada de memoria. (20%)
 - 2) Dúas obras do programa escollidas polo profesor. (20%)
 - 3) Un estudo do programa escollido polo profesor (20%)
 - 4) Escalas e/ou arpejos propostos polo profesor(20%)
 - 5) Lectura dun fragmento musical a primeira vista proposto polo profesor (20%)

11 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E TÁBOA DE VALORACIÓN NUMÉRICAS

*Recollido da programación didáctica de gaita de Ánxela Vidal Trabada (Conservatorio Profesional de Riveira)

VALOR. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O GRAO ELEMENTAL NUM.

1	Carencia total de traballo individual Graves dificultades coa lectura e interpretación das notas e do ritmo Interrupcións frecuentes
2-3	Acusada falta de control de son Escaso dominio da obra Falta de control técnico das diferentes seccións da obra
4	Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso Falta de continuidade na interpretación Pobre recuperación dos atrancos Erros de afinación e ritmo Baixa calidade de son Falta de preparación xeral Actitude negativa e falta de interese na materia
5-6	Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo) Traballo técnico adecuado Continuidade na interpretación da obra Evidencia dunha coidadosa preparación
7-8	Interpretación realizada con seguridade técnica Evidencia de control de son e da afinación Tempo adecuado e mantido Uso correcto das dinámicas e do fraseo Capacidade de resposta ao estilo

9-10	Interpretación creativa realizada con fluidez e seguridade técnica
	Dominio da memoria
	Atención ás dinámicas e ao fraseo
	Control do son e da afinación
	Tempo axeitado desde o punto de vista musical

	Comprensión dos detalles musicais e do carácter e estilo da obra
--	--

VALOR. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O GRAO PROFESIONAL NUM.

1	Carencia total de traballo individual
	Graves dificultades coa lectura e interpretación das notas e do ritmo
	Interrupcións frecuentes
2-3	Acusada falta de control do son
	Escaso dominio e falta de comprensión xeral da obra
	Falta de control técnico das diferentes seccións da obra
	Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso
	Falta de continuidade na interpretación
	Erros de lectura, afinación e ritmo
	Son pobre con flexibilidade limitada e ausencia de expresión
4	Algúns atrancos ou interrupcións
	Falta de fraseos, dinámicas e articulacións
	Tempo inadecuado ou non mantido
	Estilo non apropiado
	Evidencia de falta de preparación xeral
	Actitude negativa e falta de interese na materia
	Seguridade global dentro dun tempo adecuado e ben mantido
	Traballo técnico adecuado
5-6	Limitación no uso de recursos musicais
	Calidade, flexibilidade e proxección do son aceptables
	Evidencia dunha coidada preparación
	Precisión e fluidez xeral na interpretación
	Atención aos detalles escritos na partitura
7-8	Boa calidade, flexibilidade e proxección do son
	Tempo adecuado e mantido
	Uso correcto do fraseo, articulación e dinámicas
	Comprensión e interpretación musical aceptables
	Interpretación creativa realizada con fluidez, autoridade técnica e musical
	Dominio e seguridade da memoria
9-10	Excelente e fluída interpretación
	Realización musical de todos os detalles escritos na partitura
	Excelente afinación e calidade do son
	Sentido intuitivo e comunicativo na interpretación

12 PROCEDIMENTOS PARA A COORDINACIÓN, VALORACIÓN E REVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Durante o curso o Departamento de Vento-Madeira manterá reunións mensuais coa intención de levar a cabo as seguintes actividades:

- a) Posta en común dos criterios indicados na programación.
- b) Análise dos resultados obtidos polos alumnos en función dos obxectivos.
- c) Adaptación da programación segundo as necesidades específicas de cada un dos profesores
- d) Ao remate de curso realizarase unha avaliación da programación en función dos obxectivos fixados e os resultados acadados, e unha memoria que recolla aqueles datos significativos a ter en conta.

13 PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Ao finalizar o curso, na última reunión do Departamento de Vento-Madeira realizarase unha posta en común das impresións de cada un dos membros do departamento valorando o grao de comunicación, coordinación e efectividade do traballo acadado durante o curso.

14 PROBAS DE ACCESO

Para as probas de acceso correspondentes aos diferentes cursos, entrará o temario establecido para o curso inmediatamente anterior ao cal o alumno aspira.

O alumno terá que interpretar un número de escala, arpejos, e estudos determinados polo tribunal entre todos os correspondentes ao curso; e deberá interpretar 2 obras nos cursos comprendidos entre 1º e 3º de Grao Elemental, e 3 obras de diferentes estilos para o resto de cursos.

Na devandita proba, o tempo de interpretación será entre 15 e 30 minutos para Grao Elemental, e entre 30 e 45 minutos para Grao Profesional.

15 ANEXO: “NOVOS” RECURSOS E REPERTORIO DE GAITA*

Nos últimos anos está a xurdir un “movemento” de investigación e interpretación historicista no eido da gaita encabezado por Paulo González. Este *antigo-novo* repertorio comeza a ser hoxe obxecto de estudo entre os gaiteiros, e supón un cambio drástico respecto ao anterior en canto á concepción do instrumento e da metodoloxía para o seu estudo.

É por iso que a nosa tentativa será a de abordar a ensinanza do instrumento tamén desde esta *Outra Perspectiva* cunha adaptación progresiva do currículo coherente cos novos enfoques educativos.

Engádense neste anexo os recursos necesarios, baseándose na innovadora e pioneira proposta educativa do Conservatorio de Riveira, para darlle concreción aos posibles axustes da programación didáctica, tendo en conta que en ningún caso se actuará en prexuízo do alumnado. Para tal efecto non se modificará a carga de contidos por curso; e non variarán en ningún caso os criterios de avaliación, os procedementos de avaliación, os criterios de cualificación, ou o modelo das probas de acceso reflectidos na presente programación.

1º CURSO DE G.E.

Recursos:

- Exercicios elementares, Paulo Glez.
- Méthode pour la musette, J. J. Hotteterre
- Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs, N. Chédeville

Repertorio:

- Pièces do Méthode pour la musette, J. J. Hotteterre
- Melodías do Recueil..., N. Chédeville

2º CURSO DE G.E.

Recursos:

- Exercicios elementares, Paulo Glez.
- Méthode pour la musette, J. J. Hotteterre
- Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs, N. Chédeville
- Traité de la musette, Ch.-E. Borjon de Scellery
- “Méthode raisonnée”, Toussaint Bordet

Repertorio:

- -Pièces do Méthode pour la musette, J. J. Hotteterre
- Melodías do Recueil..., N. Chédeville
- Pièces do Traité de la musette. B. Scellery, sen os double
- Aires en duo, do “Méthode raisonnée”, Toussaint Bordet

3º CURSO DE G.E.

Recursos:

- 22 estudos tonais fáceis para o segundo registo, Paulo Glez.

- Méthode pour la musette, J. J. Hotteterre
- Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs, N. Chédeville
- Traité de la musette, Ch.-E. Borjon de Scellery
- Méthode raisonnée, Toussaint Bordet
- Duos barrocos fáceis para gaita de fole, Paulo Glez.

Repertorio:

- Pièces do Traité de la musette, B. Scellery. No mínimo, tres desas melodias serán co seu double
- Duos barrocos fáceis para gaita de fole, Paulo Glez.
- Tres obras de Les Fleurs, op. 4, Ph. Delavigne
- Andamentos soltos de Suites a deux muzettes..., op. 11, J. B. de Boismortier

4º CURSO DE G.E.

Recursos:

- 22 estudos tonais fáceis para o segundo registo, Paulo Glez.
- Méthode pour la musette, J. J. Hotteterre
- Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs, N. Chédeville
- Méthode raisonnée, Toussaint Bordet
- Duos barrocos fáceis para gaita de fole, Paulo Glez.

Repertorio:

- Tres obras de Les Fleurs, op. 4, Ph. Delavigne
- Unha suite de Suites a deux muzettes..., op. 11, J. B. de Boismortier
- Unha suite de Duo Galants, op. V, Esprit-Philippe Chédeville
- Duos barrocos fáceis para gaita de fole, Paulo Glez.

1º CURSO DE G.P.

Recursos:

- Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II, Paulo Glez/Frederico II
- 22 estudos tonais fáceis para gaita de fole, Paulo Glez
- Intervall studies, Winterfeld
- Les Fleurs, op IV Philibert Delavigne

Repertorio:

- Duo Galants, op. V, Esprit-Philippe Chédeville

- Recueil de nöels, E. Ph. Chédeville (com os doubles)
- Suite a deux muzettes, op. 11, J. B. de Boismortier
- Suite a deux muzettes, op. 17, J. B. de Boismortier
- Pieces pour musette, op. V, M. Corrette

2º CURSO DE G.P.

Recursos:

- Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II, Paulo Glez/Frederico II
- 22 estudos tonais fáceis para gaita de fole, Paulo Glez
- Intervall studies, Winterfeld
- Les Fleurs, op IV Philibert Delavigne

Repertorio:

- Duo Galants, op. V, Esprit-Philippe Chédeville
- Nöels, de E. Ph. Chédeville (com os doubles)
- Suite a deux muzettes, op. 11, J. B. de Boismortier
- Suite a deux muzettes, op. 17, J. B. de Boismortier
- Pieces pour musette, op. V, M. Corrette

3º CURSO DE G.P.

Recursos:

- Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II, Paulo Glez/Frederico II
- Neuzeitliche Übungsstücke, Hans-Martin Linde
- Estudos para gaita de fole Vol. II, Paulo Glez
- 15 studies for treble recorder, A. Davis

Repertorio:

- Pièces sans basse, J-D Braun
- Babioles, J-Ch. Naudot ou Les petits concerts, J. Aubert
- Suites, D. Demoivre
- Sonatas para gaita e continuo a escolher entre autores como Delavigne, Naudot, Chédeville, Dupuits, Bâton, Corrette,...

4º CURSO DE G.P.

Recursos:

- Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II, Paulo Glez/Frederico II
- Neuzeitliche Übungsstücke, Hans-Martin Linde
- Estudos para gaita de fole Vol. II, Paulo Glez
- 15 studies for treble recorder, A. Davis
- 15 studiesfor tenor recorder, A. Davis

Repertorio:

- Pièces sans basse, J-D Braun
- Babioles, J-Ch. Naudot ou Les petits concerts, J. Aubert
- Suites, D. Demoivre
- Sonatas para gaita e continuo a escolher entre autores como Delavigne, Naudot, Chédeville, Dupuits, Bâton, Corrette,...

5º CURSO DE G.P.

Recursos:

- Studies, Vol I e II, J. Colette
- Neuzeitliche Übungsstücke, Hans-Martin Linde
- Estudos para gaita de fole Vol. II, Paulo Glez
- 15 studies for treble recorder, A. Davis
- 15 studies for tenor recorder, A. Davis
- L'Art de preluder, J. Hotteterre

Repertorio

- Pièces sans basse, J-D. Braun
- Preludes de L'art de Preluder, J. Hotteterre
- Sonatas para gaita e continuo a escolher entre autores como Delavigne, Boismortier, Dugé, E.-Ph. Chédeville, N. Chedeville, Dupuits, Corrette, Naudot, etc.
- VIII Sonate E.F. Dall'Abaco – N. Chedeville
- Il Pastor Fido, Vivaldi-Chedeville, op. 13
- Danzas do codex London ou do codex Faenza

6º CURSO DE G.P.

Recursos:

- Studies, Vol I e II, J. Colette
- Neuzeitliche Übungsstücke, Hans-Martin Linde

- Estudos para gaita de fole Vol. II, Paulo Glez
- 15 studies for treble recorder, A. Davis
- 15 studies for tenor recorder, A. Davis
- L'Art de preluder, J. Hotteterre

Repertorio:

- Pièces sans basse, J-D. Braun
- Preludes de L'art de Preluder, J. Hotteterre
- Sonatas para gaita e continuo a escolher entre autores como Delavigne, Boismortier, Dugé, E.-Ph. Chédeville, N. Chedeville, Dupuits, Corrette, Naudot, etc.
- VIII Sonate E.F. Dall'Abaco – N. Chedeville
- Il Pastor Fido, Vivaldi-Chedeville, op. 13
- Danzas do codex London ou do codex Faenza